**SAN SADURNIÑO. Tiruleque (2009)**

Eu fun á feira de
San Sadurniño,
enchinme de viño,
de rir e troular,
bailei a muiñeira,
brinquei coas nenas
e cun pé de pino
din paus a mallar

AI LA, LA, LA, LA...

Desfíxenlle o baile,
rompinlle o pandeiro
e os mozos do Outeiro
viñéronse a min;
e tonto non fixen
no campo enseguida
coa miña mauciña
dous palmos lles din.

AI LA, LA, LA, LA...

Loitei un anaco
cos tres de Liñares,
tumbeinos aos pares
sen nada nas mans;
e cun puñetazo
dos meus cutrumellos
chimpei os queixeiros
a tres de Bardaos.

AI LA, LA, LA, LA...

Sentín o aturuxo
no medio da ponte
que ata o meu monte
sentín que estrombou;
deixeime de andar
e apretei a mauciña
pois cara min viña
quen aturuxou.

AI LA, LA, LA, LA...

E vin vir uns homes
no monte correndo
cos paus levantados
como unhos ladrós;

despois de mallarme
xunto ao pasadoiro
puxéronme en coiros,
o medo me entrou.

AI LA, LA, LA, LA...

Non volvo á feira
de San Sadurniño
nin bebo máis viño
nin volvo a troular,
nin bailo a muiñeira
nin brinco coas nenas
nin co meu pauciño
dou paus pra mallar.

AI LA, LA, LA, LA...

Se vas á festa do viño
virás aburrido,
comerás castañas asadas
e leite ervido,
e ron, e ron, e ron
e ron, e ron, e ron, e ron
e ron, e ron, e ron
e róncalle o corazón
e róncalle o corazón
e róncalle o corazón.